

Resolución do 15 de febreiro de 2021, conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social, pola que se aproban medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais de maiores e persoas con discapacidade en relación co réxime de permisos e visitas, no contexto da situación epidemiolóxica relacionada coa infección ocasionada polo virus SARS-COV-2 (COVID-19).

Segundo o establecido no punto sexto, na redacción vixente do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 no que se adoptan medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase 111 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, como autoridade sanitaria, poderá establecer, de acordo coa normativa aplicable e á vista da evolución da situación sanitaria, todas aquelas medidas adicionais ou complementarias ás previstas no acordo que sexan necesarias. Dentro desta habilitación quedan incluídas aquelas medidas que resulten necesarias para facer fronte á evolución da situación sanitaria en todo ou parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modifiquen ou, de modo puntual e cun alcance temporalmente limitado, impliquen o desprazamento da aplicación de medidas concretas. Igualmente poden adoptarse medidas en relación con determinados establecementos de servizos sociais, tendo en conta as específicas exixencias de protección da poboación afectada dada a súa especial vulnerabilidade.

Por outra banda, as residencias de maiores e persoas con discapacidade foron especialmente castigadas pola pandemia e isto motivou restricións continuas de contactos sociais que supuxeron a diminución ou anulación de visitas de familiares e amigos e de saídas ao exterior das persoas residentes.

Neste contexto ditouse a Resolución do 17 de setembro de 2020 conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social pola que se aproban medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residencias sociosanitarios en relación co réxime de visitas, saídas e outros aspectos organizativos. Nesta resolución, entre outros aspectos, limitábase as visitas a unha soa persoa por residente.

Por outra banda aprobouse a Resolución do 21 de xaneiro de 2021, conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social, pola que se aproban medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais de persoas con discapacidade en relación co réxime de permisos, no contexto da situación epidemiolóxica relacionada coa infección ocasionada polo virus SARS-COV-2 (COVID-19), mediante a cal se limitaba a saída das persoas residentes fora do recinto do centro residencial.

A mellora da evolución epidemiolóxica permite flexibilizar as restricións impostas por ambas resolucións, ampliando a posibilidade de visitas e eliminando as restricións ás saídas dos residentes nas residencias de maiores e persoas con discapacidade.

Polo tanto, e tendo en conta a evolución da situación epidemiolóxica no territorio da nosa Comunidade Autónoma, e co obxecto de contribuír á protección do colectivo de maiores e persoas con discapacidade en centros residenciais,



ACORDAN:

Primeiro. Nos centros residenciais sociosanitarios, nos que xa tiveran transcorrido dez días dende a administración da segunda dose da vacina, permitiranse as visitas a cada usuario ata un máximo de tres á semana, ás que poderá acudir unha das dúas persoas de referencia deste.

Segundo. Nos centros residenciais de persoas con discapacidade, quedan limitadas as saídas das persoas usuarias ás estritamente necesarias ata que teñan transcorrido dez días dende a administración da segunda dose da vacina no centro, a partir de ese momento poderanse reanudar as saídas con normalidade.

Terceiro. Déixase sen efecto a Resolución do 21 de xaneiro de 2020, conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social, pola que se aproban medidas específicas que deberán adoptarse nos centros residenciais de persoas con discapacidade en relación co réxime de permisos, no contexto da situación epidemiolóxica relacionada coa infección ocasionada polo virus SARS-COV-2 (COVID-19).

Cuarto. As medidas dispostas nesta resolución terán carácter temporal e manteranse mentres non mellore a situación epidemiolóxica e así sexa constatado por unha nova resolución conxunta da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social ditada a estes efectos.

Quinto. Desta resolución darase traslado urxente aos centros destinatarios dela para o seu cumprimento.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

O conselleiro de Sanidade

A conselleira de Política Social



Julio García Comesaña



Fabiola García Martínez